

CONFLICTIVIDADE SOCIAL E MOVEMENTO OBREIRO (1)

O LUDISMO

- A reacción contra as máquinas coincide cos inicios da industrialización (1820-30)
- Os obreiros culpan á maquinaria da súa desgraza e realizan actos violentos e destrutivos
- Iniciáronse en Levante (Alcoi 1921) e Cataluña (1935, incendio da fábrica El Vapor de Bonaplata). Tamén en Galicia (Fábrica de Tabacos de A Coruña)
- Foron movementos esporádicos.
- Os autores foron reprimidos e castigados polas autoridades

SOCIEDADES DE RESISTENCIA E SINDICATOS DE OFICIOS

- Os obreiros formaron **asociacións** para a defensa dos seus intereses (sociedades de resistencia ou socorro mutuo)
- Inicialmente a lexislación liberal prohibíunas, polo que xurdiron como sociedades mutualistas e benéfico
- En 1839 unha lei autorizou a fundación de socorros mutuos de obreiros que tiñan como obxectivos **loitar polas melloras laborais** (redución da xornada, salarios, regulación do traballo). Fundáronse montepíos para facer fronte a unha enfermidade, despido ou morte

AS NOVAS IDEOLOXÍAS OBREIRAS

SOCIALISMO MARXISTA

- Paul Lafarge, xenro de Marx, introduciu e divulgou o pensamento marxista en 1871.
- O obxectivo era:
 - Conseguir a sociedade socialista mediante a transformación da capitalista
- Había que ter en conta:
 - As condicións materiais e económicas determinan e modifican as condicións sociopolíticas dunha comunidade
 - O medio para conseguilo é a **loita de clases**
 - O protagonista do cambio debe ser o **proletariado**, organizado en sindicatos e partidos políticos
 - O Estado instrumento de nivelación social
 - Conquistado o poder, o proletariado debe impoñer medidas de forma (ditadura do proletariado): expropiación da propiedade privada, dos medios financeiros e de produción que debían pasar ao Estado
 - Igualdade nas condicións de vida (desaparición das clases sociais) na nova sociedade socialista

AS CONDICIÓNS DE VIDA DA CLASE TRABALLADORA

- Longas xornadas de traballo
- Baixos salarios
- Ausencia de dereitos
- Sometemento ao ritmo das máquinas
- Emprego de man de obra infantil e feminina con menor salario

A PROTESTA ORGANIZADA: A FOLGA

- Ante a imposibilidade de negociación cos patróns, os obreiros e xornaleiros empreñaron a **folga** como **instrumento de loita** para conseguir melloras nas condicións laborais
- A folga pode ser:
 - Parcial: dun sector laboral (exemplo do metal)
 - Xeral: de todos os sectores nunha cidade ou país
 - Xeral revolucionaria: cando ás reivindicacións laborais súmanse as políticas.
- Para facer fronte ás necesidades dos obreiros e as súas familias instítuense as **caixas de resistencia**

ANARQUISMO

- Introducido en 1868 por Giuseppe Fanelli (discípulo de Bakunin)
- Tivo influencia en Cataluña, Levante e Andalucía
- O seu obxectivo era a transformación revolucionaria e total da sociedade capitalista, mediante:
 - A destrución do Estado
 - A eliminación de calquera tipo de autoridade
 - Supresión da propiedade privada e abolición do dereito de herdanza
 - Eliminación das diferenzas socioeconómicas
 - Organización da sociedade en **comunas***, gobernadas en réxime de autoxestión
 - Os protagonistas serían o traballadores, especialmente os agrarios

SINDICATOS E PARTIDOS OBREIROS

- Federación Rexional Española da AIT
- Organizacións anarquistas:
 - CNT
 - FAI
 - Man Negra
- Organizacións socialistas marxistas:
 - Partido Socialista Obrero Español
 - Unión Xeral de Traballadores (UXT)
 - Partido Comunista de España
- Sociedades obreiras católicas